

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo ás persoas aspirantes seleccionadas no concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2022.

Mediante a Resolución desta dirección xeral do 15 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 3, do 4 de xaneiro de 2023), realizouse a convocatoria, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental.

Así mesmo, mediante a Resolución do 26 de novembro de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 235, do 4 de decembro), convocouse o acto de elección telemática de destino para as persoas definitivamente seleccionadas no referido proceso selectivo.

A base décima da resolución de convocatoria establece que, unha vez adxudicados os destinos, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino daquelas persoas aspirantes seleccionadas que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro das ditas resolucións, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental, as persoas aspirantes seleccionadas que se inclúen no anexo I desta resolución.

Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza que se especifica no indicado anexo.



Segundo. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en saúde mental, convocado pola Resolución do 15 de decembro de 2022.

Terceiro. Declarar deserta a praza que se relaciona a continuación, unha vez esgotada a lista de persoas aspirantes que superaron a fase de oposición:

Centro directivo	Centro	Concello	Quenda	Núm. prazas
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-	1

Cuarto. As persoas aspirantes nomeadas disporán do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada. Para estes efectos, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión ao cal pertenza esta.

A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable á persoa interesada e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia da persoa interesada, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión. A incorporación ás prazas adxudicadas comportará o cesamento do persoal temporal, que, se é o caso, as ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamento vixentes.

Quinto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, as persoas aspirantes seleccionadas deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo no *Diario Oficial de Galicia*, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero que recolle o artigo 157 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.



Non terán que realizar esta actividade formativa as persoas aspirantes seleccionadas que a realizasen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente validada.

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO I

Relación definitiva de persoas nomeadas estatutarias fixas e destinos definitivos adjudicados

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***8235**	ALVAREZ OTERO, ZAIDA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***0965**	AUSINA ARROJO, ALEJANDRO	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol	-
***7773**	BERDION MARCOS, VANESA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***7432**	CALVIÑO SEOANE, NOELIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***5829**	CALVO LOSADA, NEREA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***6939**	CID GONZALEZ, CARLA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***6345**	DIEGUEZ RODRIGUEZ, MARIA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***8351**	ESLAVA NODAR, NOELA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***4717**	FACORRO REGUEIRA, NEREA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***9862**	FERNANDEZ MARTINEZ, CLARA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***0571**	FERREIRA GARCIA, ANXO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***4284**	FREIJEIRO LLOSCA, ANA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***8235**	GARCIA FERNANDEZ, FATIMA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***4721**	GONZALEZ LOPEZ, CLAUDIA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***4547**	GONZALEZ SANCHEZ, HECTOR	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***6373**	LOPEZ ALVAREZ, ELVIRA TERESA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***1142**	MARTINEZ FERREIRO, SARA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***6409**	MARTINEZ MARTINEZ, ALICIA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***2335**	NOVO ROSARIO, MARCOS	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***8122**	NOVOA RIVERA, ANDREA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***0003**	PARGA MARTINEZ, MARTA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***8633**	PEREZ GOMEZ, IRIA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol	-





DNI	Apellidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***2942**	PERTEGA ANDIA, ELVIRA MARIA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol	-
***3881**	PINEDA BUENDIA, MARIA VICTORIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***5883**	SALGADO CARNERO, MARIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***7214**	SANCHEZ VILAS, LAURA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***1135**	SEVILLA GOMEZ, ANDREA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4277**	VERGARA GONZALEZ, VERONICA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***3883**	VIDAL TARELA, CRISTINA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***6273**	VILARIÑO BARREIRO, MARIA DEL CARMEN	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.